

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ANUNCIO de novo trámite de información pública do Plan parcial de ordenación do solo urbanizable non delimitado número 8 (SUND-8), no monte de Vidán.

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 20 de decembro de 2021, en cumprimento do exixido polos artigos 75.1.c) da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG), e 186.1.c) do seu regulamento, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o documento reformado do Plan parcial de ordenación do SUND-8 (monte de Vidán), presentado por Santiago Sur Galicia, S.L. o 13 de decembro de 2021, no cal se incorporan as seguintes modificacións sobre o que fora inicialmente aprobado o 21 de outubro de 2019:

1ª. Inclúese no catálogo do Plan parcial o antigo transformador modernista existente na confluencia das rúas de Vidán e Mestra Vitoria Míguez, co nivel de protección ambiental.

2ª. De conformidade co regulado no artigo 12.2 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, no plano de ordenación P ORD 08 figura delimitado o contorno de protección do elemento catalogado, cos efectos previstos no artigo 45 da mesma lei.

3ª. Defínese na normativa (7.4) o réxime urbanístico aplicable aos terreos excluídos da área de repartición (números 3 e 15 da rúa de Vidán), que quedan coa categorización de solo urbano consolidado e suxeitos á Ordenanza 5 do PXOM, coas limitacións derivadas da protección do ben catalogado.

4ª. A reserva obrigatoria de vivenda protexida, cunha superficie edificable de 938,32 m²c, emprázase na parcela R2.

5ª. Incorpóranse o estudo de sustentabilidade económica e a memoria de viabilidade.

6ª. Reflíctese na normativa (7.1) o deber dos propietarios de constituírse en entidade urbanística de conservación, durante o prazo de quince anos, contados desde a recepción completa da urbanización do polígono.



Segundo. Abrir un novo trámite de información pública sobre as modificacións propostas, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente efectuarase a citación persoal a todos os propietarios dos terreos afectados que figuren no catastro e, de ser o caso, publicarase o edicto no *Boletín Oficial del Estado*.

Así mesmo, efectuarase notificación á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

O que se publica co fin de que, durante o prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que xulguen oportunas. A documentación sometida á exposición pública estará ao dispor dos interesados no Servizo de Planeamento e Xestión do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2º andar), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, e na páxina web do concello <https://transparencia.santiagodecompostela.gal/Plan-parcial-do-SUND-8-Monte-Vidan/gl>

As alegacións poderán presentarse na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, na epígrafe de Catálogo de trámites, a través do trámite de presentación de documentación e alegacións e da opción de achega libre. Deberá introducir o dato PLA/11/2017 no campo do código do expediente e incorporar o documento das alegacións.

Tamén se poderán presentar as alegacións por calquera dos outros medios relacionados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

O alcalde

P.D. (DEC/4742/2019, do 17 de xuño)

Mercedes Rosón Ferreiro

Concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

CVE-DOG: ycxeusk3-mxr8-hdm8-t5j7-ruephrxv3oz3

